

NUMAX NA ESCOLA 2024/2025



EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

NUMAX na Escola renova a súa oferta de proxeccións educativas para os cursos de secundaria e bacharelato cun catálogo repleto de obras de prestixio internacional adaptado aos currículos educativos vixentes.

- 📖 Cada sesión vai acompañada de **materiais didácticos** (unidades, actividades, making of) que faciliten o traballo na aula antes e despois da proxección.
- 🔊 O día da sesión haberá unha **presentación en sala** a cargo de persoal especializado de NUMAX.
- 🕒 **Horario:** De **luns a venres** en sesión matinal, preferentemente de **10:00 a 12:00** horas.
- 💰 **Prezo:** **4€ por alumna/o**, a tarifa mínima do Cinema NUMAX.
- 👥 Estas condicións serán válidas para grupos mínimos de 40 estudantes.

🌐 numax.org/na-escola
✉ escola@numax.org
☎ 663 975 767 (Xan Gómez Viñas)

Arte, cinema e literatura



A LOS LIBROS Y A LAS MUJERES CANTO (NI)

Maria Elorza, 72 min, Español, VO

Unha muller case foi chamada Avioneta. Outra tivo unha biblioteca no asento traseiro do seu coche. Outra mancou un dedo cos andeis rebeldes da súa librería. Un exército anónimo de mulleres coida dos libros. É unha resistencia íntima, sen épica, sen armas.

📌 Tags: Lectura / Feminismo

O PRINCIPIÑO

M. Osborne, 2015, 106 min, Francés/Inglés, VOSG

Fantástica aproximación ao clásico de Saint-Exupéry. Unha obra visualmente asombrosa que mestura con mestría animación 3D e a artesanal técnica do stop-motion.

🏆 Mellor Filme Premios Annie / Sección Oficial Cannes

📌 Espírito de superación / Autocoñecemento O valor das pequenas cousas

DOROTHÉ NA VILA (NI)

Alejandro Gándara, Olaia Tubío, 85 min, Galego, VO

A musicóloga suíza Dorothé Schubarth chegou a Galicia a finais dos 70 na busca de cancións tradicionais que desapareceran no centro de Europa. Desta busca saíron as 300 horas de gravacións que forman o Cancioneiro Popular Galego.

📌 Cancioneiro Popular Galego / Memoria / Historia de Galicia

LOVING VINCENT

Dorota Kobiela / Hugh Welchman, 95 min, Inglés, VOSG

A historia dos últimos días de Vincent Van Gogh pintada a man, fotograma a fotograma, por centos de pintores de todo o mundo a partir dos cadros do artista holandés.

🏆 Mellor Animación Premios Cinema Europeo

📌 Primeiro filme da historia pintado ao óleo / Historia da Arte / Van Gogh

Educación en igualdade



SEMPRE NOS QUEDARÁ MAÑÁ (NI)

Paola Cortellesi, 118 min, Italiano, VOSE

Roma, 1946. Delia ten tres fillos e está casada con Ivano, que non a trata ben. Tras a guerra, ambos loitan por sacar a súa familia adiante con varios traballos mal pagos. Pero un día, unha marabillosa noticia sorpréndeos: Marcella, a filla maior, acaba de comprometerse cun mozo de aparencia amable e boa familia.

📌 Violencia de xénero / Sororidade

CROSSING (NI)

Levan Akin, 106 min, Turco, VOSE

Lia, unha profesora xubilada, prometeu atopar a súa sobriña Tekla, perdida hai moito tempo. A súa busca lévaa a Estambul, onde coñece a Evrim, unha avogada que loita polos dereitos das persoas trans, e Tekla empeza a sentirse máis preto ca nunca.

📌 Road Movie / Transexualidade



TE ESTOY AMANDO LOCAMENTE (NI)

Alejandro Marín, 107 min, Español, VO

Sevilla, 1977. Nun momento no que a homosexualidade é delito, Reme, unha nai tradicional movida polo amor cara ao seu fillo, un adolescente aspirante a artista, involucrase no movemento LGTBI andaluz, xestado paradoxalmente no seo da igrexa.

📌 Orgullo LGTBI

20.000 ESPECIES DE ABEJAS

Estibaliz Urresola Solaguren, 129 min, Español, Éuscaro e Francés, VOSE

Cocó, de oito anos, non encaixa nas expectativas do resto e non entende por que. Todos ao seu redor insisten en chamarlle Aitor pero non se reconece nese nome nin na mirada dos demais.

📌 Diversidade de xénero / Autocoñecemento

GIRLHOOD

Céline Sciamma, 112 min, Francés, VOSG

Marieme séntese agobiada pola súa familia, a escola e a implacábel lei dos rapaces do barrio, nas aforas de París. Pero a súa vida muda cando coñece un grupo de mozas de espírito libre.

🏆 4 Nominacións Premios César

📌 Multiculturalidade / Violencia de xénero

BARBIE

Greta Gerwig, 114', VE / VOSE
Con Margot Robbie, Ryan Gosling

A pesar de vivir nun mundo colorido e ideal, Barbie faise moitas preguntas. Ao descubrir que é quen de apoiar os talóns no chan a célebre boneca decide calzar zapatos sen tacóns e viaxa con Ken ao mundo real.

📌 Sátira / Feminismo



V (ORGULLO)

Matthew Warchus, 120 min, Inglés, VOSE

Sendo primeira ministra Margaret Thatcher, o Sindicato Nacional de Mineiros convoca unha folga. Durante a manifestación do Orgullo Gay en Londres, un grupo de lesbianas e gays dedícase a recadar fondos para axudar as familias dos traballadores, pero o sindicato non acepta o diñeiro.

📌 Dereitos LGBTI / Sindicalismo

SUFRAxISTAS

Sarah Gravron, 106 min, Inglés, VOSE

Inglaterra, comezos do século XX. Maud é unha traballadora do téxtil que comeza a militar de xeito activo no histórico movemento sufragista.

🏆 Mellor Deseño de Producción

Premios Cinema Europeo

📌 Sufragismo / Feminismo

Historia e presente



EL MAESTRO QUE PROMETIÓ EL MAR (NI)

Patricia Font, 105 min, Español, VO

Ariadna descobre que o seu avó busca desde hai tempo os restos de seu pai, desaparecido na Guerra Civil. Decidida a axudalo, viaxa a Burgos, onde están a exhumar unha foxa común na que podería estar enterrado. Alí coñece a historia de Antoni Benaiges, un anovador mestre republicano.

📌 Guerra Civil / Memoria histórica

UN SACO DE BÓLAS

Christian Duguay, 100 min, Francés, VOSG

Durante a ocupación nazi en Francia, Maurice e Joseph son dous irmáns xudeus que deben abandonar a súa familia para se salvar. Adaptación do clásico da literatura xuvenil de Joseph Joffo.

🏆 Premio Educacine Barcelona Film Fest

📌 Segunda Guerra Mundial / Antisemitismo

KARL MARX DE MOZO

Raoul Peck, 112 min, Inglés-Francés-Alemán, VOSG

No París de 1844, tras exilarse, Karl Marx coñece a Friedrich Engels. Xuntos mudarán a historia política do movemento obreiro coa publicación d'O *manifiesto comunista*.

📌 Historia política / Filosofía / Comunismo

Adolescencias



AS NEVES (NI)

Sonia Méndez, 83 min, Galego, VO

As Neves é unha vila galega de montaña onde todos se coñecen. A noite de Entroido un grupo de adolescentes celebran unha festa e dróganse con cogomelos. Ao día seguinte espertan cun temporal de neve e a noticia de que Paula, unha das mozas da festa, desapareceu.

👉 Adolescencia / Redes sociais / Rural galego

CLOSE

Lukas Dhont, 105 min, Francés, VOSG

O filme explora a estreita amizade entre dous rapaces de trece anos, Léo e Rémi, en plena transición cara á adolescencia. Tratando de entender o que foi mal entre ambos, Léo buscará consolo e comprensión na nai de Rémi, Sophie.

👉 Amizade / Acoso escolar

NICKY, A APRENDIZ DE BRUXA (NI)

Hayao Miyazaki, 101 min, Xaponés, VOSE / VE

Nicky é unha moza bruxa de 13 anos en período de adestramento, que se diverte voando na súa vasoira xunto a Jiji, un sabio gato negro. Segundo a tradición, todas as bruxas desa idade deben abandonar o seu fogar durante un ano para saber valerse por si mesmas.

👉 Amizade / Responsabilidade / Crecemento

DATING AMBER

David Freyne, 92 min, Inglés, VOSE

En Irlanda, a mediados dos 90, dous adolescentes, Eddie e Amber, finxen unha relación coa intención de que deixen de falar sobre a súa sexualidade.

👉 Diversidade sexual

MONSTRO (NI)

Hirozaku Koreeda, 126 min, Xaponés

Cando o seu fillo Minato empeza a comportarse de maneira estraña, a súa nai sente que algo vai mal. Ao descubrir que o responsable de todo isto é un profesor, irrompe na escola esixindo saber que está a pasar. Pero a medida que a historia se desenvolve a través dos ollos da nai, o profesor e o neno, a verdade vai saíndo á luz, pouco a pouco...

👉 Acoso escolar

Animación



O RAPAZ E A GARZA (NI)

Hayao Miyazaki, 124 min, XAP, VOSE/VE

Un rapaz chamado Mahito, que estraña a súa nai, aventúrase nun mundo compartido polos vivos e os mortos. Alí, a morte chega á súa fin e a vida encontra un novo comezo. Unha fantasía semiautobiográfica sobre a vida, a morte e a creación.

👉 Studio Ghibli / Fantasía

A VIAXE DE CHIHIRO

Hayao Miyazaki, 124 min, Xaponés, VOSE

Chihiro é unha nena que viaxa en coche cos seus pais. Logo de atravesar un túnel chegan a un mundo fantástico, no que só hai lugar para os deuses de primeira e segunda clase.

🏆 Oscar Mellor Filme Animación

👉 Obra mestra da animación mundial / A imaxinación ao poder

NAUSICAÄ DO VAL DO VENTO (NI)

Hayao Miyazaki, 116 min, XAP, VOSE/VE

Pasaron millóns de anos desde que unha guerra mundial arrasou o planeta. No Val do Vento vive Nausicaä, unha princesa guerreira que loita para que o mundo volva ser como antes. Enfronte terá o reino de Tolmekia, liderado pola princesa Kushana.


👉 Studio Ghibli / Ecoloxismo

ROBOT DREAMS (NI)

Pablo Berger, 102, Sen diálogos, VO

DOG é un can solitario que vive en Manhattan. Un día decide contruír un robot, un amigo. A súa amizade medra, até facérense inseparables, ao ritmo do Nova York dos oitenta. Unha noite de verán, Dog con gran pena, vese obrigado a abandonar a ROBOT na praia. Volveranse atopar?

👉 Banda deseñada / Nova York / Amizade



Cinema galego



AS BESTAS

Rodrigo Sorogoyen, 137 min, Español / Galego, VO

Unha parella francesa múdase a unha aldea galega en busca do contacto coa natureza. O seu entusiasmo pola contorna choca de fronte cunha familia local que viviu alí toda a vida.

👉 Vida rural / Feitos reais

¡SALTA! (NI)

Olga Osorio, 85 min, Español, VO

Verán de 1989. Dous irmáns viven nun modesto piso. Teo é futbolero e trasto, Óscar pasa as tardes estudando a teoría da relatividade. Cada un lida coa desaparición da súa nai, unha científica obsesionada cos buratos de verme.

👉 Espírito científico / Ciencia ficción

MATRIA

Álvaro Gago, 99 min, Galego, VO

Ramona é unha muller de corenta anos que vive sumida nun contexto laboral e persoal tenso e impredecible. Un día crúzase con Xosé, un home con quen constrúe unha inusual amizade.

👉 Desigualdade de xénero / Mundo laboral

O CORNO

Con Janet Novás, Diego Anido

Illa de Arousa, 1971. María axuda a outras mulleres nos seus partos con especial dedicación e coidado. Tras un inesperado sucesos, vese obrigada a fuxir e comeza unha perigosa travesía que a fará loitar pola súa supervivencia.

👉 Sororidade / Interrupción do embarazo

Desenvolvemento sostíbel



UN PEQUENO PLAN... COMO SALVAR O PLANETA

Louis Garrel, 67 min, Francés, VOSE

Abel e Marianne vense desorientados e confusos cando descubren que o seu fillo adolescente estivo vendendo, ás agachadas, varias pertenzas familiares para financiar un proxecto ecolóxico para salvar o planeta.

🏆 Sección oficial BAFICI

👉 Ecoloxismo / Greta Thunberg

Redes sociais e novos medios



XUSTIZA ARTIFICIAL (NI)

Simón Casal, 94 min, Español / Galego, VO

O goberno español anuncia un referendo para aprobar un polémico sistema de Intelixencia Artificial que promete automatizar e despolitizar a xustiza substituíndo os xuíces e xuízas en todo o país.

👉 Intelixencia artificial

Clásicos




EL ESPÍRITU DE LA COLMENA (NI)

Víctor Erice, 97 min, Español, VO

Nunha pequena vila de Castela, en plena posguerra, as irmás Isabel e Ana ven un domingo o filme *O Doutor Frankenstein*. Á pequena, a visión do filme cáusalle tal impresión que non para de facerlle preguntas á súa irmá maior, que asegura que o monstro está vivo e se oculta preto da vila.

👉 Guerra Civil / Crecemento / Cinema

LIBRARÍA NUMAX



A Librería NUMAX forma parte da cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro NUMAX S. Coop. Galega, desde onde tentamos dinamizar a nosa contorna cultural. Colaboras connosco?


- 📖 Orientación e selección de itinerarios bibliográficos temáticos para bibliotecas
- 🔊 Servizo de novidades editoriais
- 📀 Selección e escolla de DVDs e Blu-Rays
- 👁️ Posibilidade de realizar visitas organizadas á librería con acompañamento e guía das traballadoras
- 🐾 Asesoramento profesional e personalizado para a elección de libros de clubs de lectura
- ★ **10% de desconto en compras de centros educativos.** Contáctanos para facer os teus pedidos de libros, audiovisuais ou visitas no correo electrónico libreria@numax.org

Itinerarios

LGTBIQ+



Mamá, quiero ser Ziggy Stardust
Iria Misa
(XERAIS / DOS BIGOTES)



Nom estamos quebrades
Nee Barros
(CUARTO DE INVIERNO)



Alguén nos lembrará
VVAA
(XERAIS)



Colección Cómics Heartstopper
Alice Oseman
(PLANETA DE LIBROS/ XERAIS)

DVDS DE CINEMA GALEGO




En todas as mans
Diana Toucedo



O que arde
Óliver Laxe



Tralas luces
Sandra Sánchez



Unicorn Wars
Alberto Vázquez

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9, baixo
Santiago de Compostela
T. 981 560 250 | www.numax.org
libreria@numax.org

Desde 2019 NUMAX conta coa distinción Selo de **Librerías de Calidad**, certificación que outorga Acción Cultural Española (AC/E) e a Asociación de Cámaras do Libro de España.

Premio da Federación de Librerías de Galicia 2022

